

**IV NADA E CORRE CONCELLO DE MUROS**  
*Zona 4 Santiago/Vedra/Porto do Son/Noia/Muros/Outes*  
**REGULAMENTO**

**1. ORGANIZA**

Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno  
Concello de Muros

**2. COLABORA**

Secretaría Xeral para o Deporte  
Protección Civil de Muros  
GES Muros  
Policía Local de Muros

**3. DATA, HORA E LUGAR**

- Data: Sábado, 16 de novembro de 2024
- Lugar: Piscina Municipal de Muros
- Quecemento probas natación: 9:00 h
- Inicio probas natación: 10:00 h
- Inicio probas carreira a pé: 12:30 h

**4. SECRETARÍA DA COMPETICIÓN**

Piscina Municipal de Muros (coordenadas 42°47'18" N 9°04'07" W)

**5. PARTICIPANTES ZONA 2**

Zona 4 Santiago/Vedra/Porto do Son/Noia/Muros/Outes

**6. PROBAS E HORARIOS**

<b>Categorías</b>	<b>Anos</b>	<b>Natación</b>	<b>Horarios</b>	<b>Carreira</b>	<b>Horarios</b>
Cadete	2009 - 2010	300 m	10:00 h	1500 m	12:30 h
Infantil	2011 - 2012	200 m	10:15 h	1000 m	12:45 h
Alevín	2013 - 2014	100 m	10:30 h	500 m	13:30 h
Benxamín	2015 - 2016	50 m	11:00 h	500 m	13:45 h
Prebenxamín	2017 - 2018*	25 m	11:45 h	250 m	14:00 h

\* A partir de 6 anos cumpridos

\*\* Horarios aproximados

## 7. INSCRICIÓNS

- Apertura das inscricións: Mércores, 23 de outubro de 2024 (10:00 h)
- Peche das inscricións: Martes, 12 de novembro de 2024

### 7.1. Deportistas con licenza FEGATRI en vigor

A inscrición formalizarase a través da web: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org) na sección de inscricións.

### 7.2. Deportistas sen licenza en vigor (licenza temporal de 1 día)

A inscrición realizarase en liña a través da web da Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno no apartado de competicións. O custe da licenza de 1 día será de 6 euros que subvenciona o organizador (Concello de Muros)

## 8. TEMPOS DE NATACIÓN

Será obrigatorio introducir os tempos de natación correspondentes para a elaboración das series.

## 9. TÉCNICO/A RESPONSABLE

Cada club deberá designar unha persoa técnica con licenza federativa que será responsable do club durante a competición.

## 10. COMUNICACIÓN DE BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓNS

As baixas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 h do xoves, 14 de novembro de 2024.

As baixas comunicadas en prazo terán dereito a devolución, e a lista definitiva publicarase o xoves, 14 de novembro de 2024.

## 11. CRONOMETRAXE

A cronometraxe será manual nas probas de natación e electrónica nas probas de carreira.

## 12. SAÍDA E META DA CARREIRA A PÉ

Piscina Municipal de Muros

Recollida de series dorsais e comunicación de non presentados



De 9:00 a 9:45 h o mesmo día da proba

### 13. PREMIOS

Medallas para os 3 primeiros clasificados por categoría e sexo

Normas de competición

A competición rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI 2024.

### 14. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS DEPORTIVOS

Haberá servizos médicos ao longo do percorrido e os participantes contarán cun seguro deportivo.

### 15. RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS

Seguirase o procedemento oficial de reclamación e apelación da FEGATRI.

Civismo e respecto

Os participantes comprométense a respectar o regulamento e as normas de seguridade viaria.

### 16. RECOLLIDA DE DORSAIS E ACREDITACIÓN

Os dorsais serán entregados ao adestrador ou aos pais no caso de que o participante non pertenza a un club.

### 17. NORMAS XERAIS

A proba consistirá en nadar e correr, e a clasificación será baseada na suma dos tempos de ambas disciplinas.

